

Artigo 91º.-Destino do haber social.

Se tras a liquidación persisten activos pertencentes ao colexio, estes deberán ser destinados, consonte acordo da Asemblea Xeral, aos seguintes destinos:

- a) Ao Consello de Colexios Oficiais de Titulados Mercantís e Empresariais de Galicia.
- b) Á Xunta de Galicia.

#### *Disposicións adicionais*

1. En todo aquilo que non estea previsto nestes estatutos serán de aplicación as normas reguladoras dos colexios profesionais.

2. O disposto nestes estatutos non afectará aqueles dereitos que puidesen ser adquiridos polos colexiados, ata a data da súa entrada en vigor.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-Co fin de axustar a duración dos cargos da Xunta de Goberno ao prazo de 4 anos, establecido nestes estatutos, a finalización do mandato dos cargos actuais e a conseguinte elección para cubrilos, terá lugar nas seguintes datas:

1. Para os cargos de presidente, vicepresidente 2º, vicepresidente 3º, secretario, tesoureiro e os vogais cuarto, quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo, no mes de marzo do ano 2005.

2. Para os cargos de vicepresidente 1º, vicesecretario, contador-interventor e vogais primeiro, segundo e terceiro, no mes de marzo del año 2007.

Segunda.-De ser o caso que no momento de entrada en vigor destes estatutos non estivese constituído o Consello de Colexios Oficiais de Titulados Mercantís e Empresariais de Galicia as mencións que contemplan estes estatutos ao mesmo débense entender referidas ao Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulados Mercantís e Empresariais de España.

### **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

*Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan as subvencións ás entidades de iniciativa social para a adaptación á normativa de accesibilidade dos centros de prestación de servizos sociais ás persoas con discapacidade.*

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2004, do 23 de setembro, é o órgano responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que en materia de servizos sociais especializados lle corresponden á Xunta de Galicia, sen prexuízo das atribucións doutras consellerías.

Un dos obxectivos fundamentais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado é afondar na aplicación práctica do principio de accesibilidade universal, co obxecto de construír unha sociedade libre de barreiras de calquera orde que inciden directa e negativamente na realización e desempeño da persoa con discapacidade ou con mobilidade reducida, como membro da sociedade, nas súas capacidades e nas súas estruturas ou funcións corporais.

Na consecución do devandito obxectivo, e de acordo coa facultade que a propia Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento, outórgalle á Comunidade Autónoma para subvencionar a execución de actuacións nelas previstas, considérase instrumento adecuado o establecemento de subvencións destinadas a acomodar os centros de prestación de servizos a persoas con discapacidade ás condicións de accesibilidade prescritas na devandita normativa, en tanto medida que terá unha incidencia inmediata na mellora das condicións de vida das máis de 3.500 persoas con discapacidade que están a recibir unha atención especializada neles.

Así, esta orde regula a convocatoria de axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para investimentos destinados á mellora da accesibilidade e á eliminación de barreiras nos centros de atención a persoas con discapacidade pertencentes a entidades de iniciativa social.

A solicitude, tramitación e concesión de axudas axustaranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais, e orzamentarias e da función pública e actuación administrativa, e pola Lei 14/2004, do 29 de novembro, de medidas tributarias e réxime administrativo e dos seus correspondentes regulamentos de desenvolvemento, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1998, e polo Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, modificado polo Decreto 215/2004, do 23 de setembro, para a debida aplicación dos créditos orzamentarios conforme o fin para o que foron establecidos,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a regulación, para o exercicio de 2005, da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o financiamento de investimentos para o establecemento de axudas económicas para adecuar as súas instalacións ás condicións de accesibilidade fixadas na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento, coa finalidade de incrementar a calidade dos servizos asistenciais que se están a prestar neles.

Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán solicitar as subvencións que se consideran nesta convocatoria as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais na área de atención ás persoas con discapacidade para persoas maiores de 18 anos, que teñan asinado convenio de colaboración para mantemento de prazas en centro ou concerto de reserva e ocupación de prazas coa administración autonómica, e que cumpran, no momento da presentación da solicitude, os requisitos seguintes:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Estar legalmente constituída e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.
- c) Non estar incurso en procedemento de reintegro de subvencións públicas ou sancionadoras en materia de axudas públicas.
- d) Posuír a titularidade, a cesión ou a dispoñibilidade dos terreos, centros, ou espazos en que se realizará o investimento.

Artigo 3º.-Tipos de axudas.

Ao abeiro desta orde poderanse solicitar axudas para obras de acondicionamento, adaptación, reforma ou mellora de edificios e instalacións destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas e á súa adaptación ás condicións de accesibilidade establecidas na normativa vixente de accesibilidade, tales como:

- a) Melloras nos accesos e eliminación de obstáculos arquitectónicos existentes nos diferentes itinerarios do inmovible.
- b) Obras de realización ou de mellora de ramplas e escaleiras co obxectivo de facelas adaptadas ou practicables.

c) Obras de mellora en dormitorios, vestiarios, aseos, ampliación dos largos de corredores ou outros espazos, co obxectivo de convertelos en adaptados.

d) Instalación de cabinas de ascensores adaptados ou substitución das existentes por outras de dimensións e elementos adaptados.

e) Melloras nas instalacións co obxecto de favorecer o seu uso autónomo e cómodo e eliminar riscos.

f) Outras obras que faciliten a eliminación de barreiras nos centros e nas instalacións anexas.

Artigo 4º.-Crédito orzamentario.

Para a concesión das axudas reguladas nesta orde existe crédito adecuado e suficiente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005, por un importe de 180.000 €, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias, con cargo ás seguintes aplicacións:

-24.000 euros, con cargo á 14.06.212A.780.2.

-156.000 euros, con cargo á 14.06.212A.780.3.

Artigo 5º.-Contía das subvencións.

1. A axuda económica que se conceda poderá alcanzar como máximo o 90% do total de orzamento presentado, en función das solicitudes e da dispoñibilidade de crédito, sen que en ningún caso poida implicar duplicidade, de xeito que a suma das axudas concedidas para a mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados non poderá superar o 100% do importe total do gasto efectuado.

2. A achega da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado non será superior a 12.000 € para un mesmo centro.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes formularanse consonte o modelo que se xunta e presentarase nos servizos centrais ou periféricos da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

2. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Identificación de quen subscribe a solicitude e do carácter con que o fai.
- b) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.
- c) Memoria breve sobre a entidade solicitante e o centro para o que se solicita a axuda, na cal se expoña a necesidade do devandito investimento, o ámbito territorial de cobertura de necesidades do centro coa indicación do número e características dos beneficiarios.

d) Memoria valorada e orzamento das obras que se van realizar e informe xustificativo do cumprimento do disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras e no

Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento.

e) Informe do concello correspondente no cal se faga constar a conformidade da obra proxectada coas normas de planeamento e demais disposicións urbanísticas de aplicación.

f) Fotocopia compulsada do título de dominio da entidade solicitante sobre o centro, ou, se está alugado ou cedido, declaración de conformidade do propietario coa obra proposta.

g) Declaración responsable de dedicación do inmovible á prestación de servizos ás persoas con discapacidade durante alomenos vinte anos.

h) Plan de financiamento e declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas e concedidas, para a mesma finalidade, das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

i) Datos bancarios, onde, no caso de ser subvencionado o investimento proposto, se poida transferir o importe da subvención.

j) Acreditación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

3. Para o caso de que os documentos exixidos xa estivesen en poder dalgún órgano da administración actuante, o solicitante poderá absterse de presentalos sempre que faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

#### Artigo 7º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes será de corenta (40) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

#### Artigo 8º.-Tramitación.

1. Será responsable da tramitación dos expedientes a Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade, a través do Servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade da Subdirección Xeral de Atención a Persoas con Discapacidade.

2. Os órganos responsables da tramitación dos expedientes comprobarán que estes reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde e procederán a reclamarlles por escrito aos interesados, para que nun prazo de dez días acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixesen, se considerarán desistidos da súa petición, e se procederá conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento, o servizo xestor poderá requirirille á entidade solicitante que achegue aqueles datos ou documentos complementarios que sexan neces-

sarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

4. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade tanto na solicitude como no resto da documentación achegada, poderá comportar, en función da súa transcendencia, a denegación da subvención solicitada, sen prexuízo das restantes responsabilidades que puidesen derivarse da devandita circunstancia.

#### Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de valoración, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos nesta orde.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

-Presidente: a directora xeral do Maior e Persoas con Discapacidade.

-Vogais: o subdirector xeral de Atención a Persoas con Discapacidade e o xefe do Servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade, que actuará como secretario.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o seu presidente.

4. Ás reunións da comisión poderá convocarse ao persoal técnico que se considere necesario, así como a un representante da Intervención Delegada, que actuarán con voz, pero sen voto.

#### Artigo 10º.-Criterios de valoración.

Para a elaboración da proposta de adxudicación, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios e prioridades:

a) Antigüidade do centro e antigüidade dos convenios ou concertos asinados polos seus titulares coa administración autonómica.

b) A relevancia cualitativa da actuación proposta na remoción de barreiras e na mellora das condicións de prestación dos servizos.

c) Maior porcentaxe de financiamento con outros fondos en relación co custo total do proxecto.

#### Artigo 11º.-Resolución.

1. Unha vez emitida a proposta da comisión de valoración, a conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado ditará as resolucións que procedan.

2. Tanto a concesión como a determinación do importe das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva atendendo aos criterios de prioridade establecidos nesta orde.

3. As resolucións recaídas serán motivadas e notificaránselles aos interesados para a execución da axuda outorgada no prazo de catro meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Se vencese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

4. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, ante o mesmo órgano que os ditou, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que consideren oportuno.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, o beneficiario dunha subvención poderá solicitar, por razóns xustificadas, a reformulación da subvención concedida, sempre que se cumpran os requisitos previstos. A nova subvención deberá ser aprobada pola conselleira e, en todo caso, deberá respectar o obxecto, criterios de valoración e demais requisitos previstos na convocatoria.

Artigo 13º.-Aceptación.

Para a efectividade da subvención será necesario que esta e as condicións coas que se concedeu sexan aceptadas, sen reservas, polo beneficiario, na forma e prazo que se sinalará no acordo de concesión que non será superior a dez días. Se o beneficiario non presentase a súa aceptación no correspondente prazo, ou formulara reservas respecto daquela, a consellería poderá optar entre conceder un novo prazo para a aceptación ou considerar que o beneficiario renunciou á subvención.

Artigo 14º.-Publicación.

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* no prazo de dous meses desde a súa resolución e faranse constar os seguintes extremos:

a) Nome da entidade beneficiaria.

b) Destino da subvención ou axuda concedida.

c) Contía da subvención.

d) Data da concesión.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto e realizar o investimento que fundamenta a concesión da subvención na forma, condicións e prazos establecidos.

b) Xustificar ante o órgano xestor o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Comunicarlle ao órgano xestor calquera eventualidade que se produza no desenvolvemento do investimento subvencionado e especialmente cando se preveza a imposibilidade de cumprir a finalidade para a que fose concedida a subvención, o que implicará a renuncia a todo ou parte dela.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta documentación lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano xestor a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar con anterioridade á emisión da proposta de pago que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

h) Incorporar de forma visible no material que se utilice para a difusión dos proxectos subvencionados un logotipo que permita identificar a orixe da subvención: «Xunta de Galicia, Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade».

Artigo 16º.-Xustificacións das subvencións e pagamento.

1. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención, e logo da presentación das facturas correspondentes e dos xustificantes requiridos, procederá ao aboamento das axudas en pagamento único, no cal se aplicará o establecido na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de

Galicia para 2005, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

2. No momento da xustificación da execución total da actuación, o peticionario terá que presentar a seguinte documentación xustificativa para a emisión da proposta de pagamento:

a) Facturas orixinais expedidas polas empresas ou contratistas que realizaran as obras.

b) Certificados acreditativos de que a entidade beneficiaria se atopa ao día das súas obrigas tributarias e sociais e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma. Consonte o disposto no artigo 41.1º f) da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, estas certificacións non serán exixibles cando a axuda concedida non supere os 1.500 euros.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás axudas reguladas por esta orde.

d) Licenza urbanística que ampare a execución do investimento subvencionado, no caso de que sexa precisa.

3. A documentación xustificativa dos gastos realizados deberase presentar antes do 21 de novembro de 2005. Non obstante, de xeito excepcional, a conselleira poderá autorizar a entrada de documentos xustificativos con posterioridade á devandita data.

4. A falta de presentación da documentación sinalada no punto anterior entenderase como renuncia á axuda concedida e, logo de audiencia ao interresado, procederáse conforme o disposto no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 17º.-Reintegro das axudas concedidas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto aos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do investimento realizado polo beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

#### Artigo 18º.-Control e réxime sancionador.

1. Os beneficiarios destas axudas someteranse ás actuacións de control que efectúe a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o seguimento dos proxectos aprobados, e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma así como das previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral, o Consello de Contas ou o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

3. Será de aplicación aos beneficiarios das axudas establecidas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2003, do 29 de decembro.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a directora xeral do Maior e Persoas con Discapacidade para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2005.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte  
e Voluntariado

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,  
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA A ADAPTACIÓN Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE DOS CENTROS DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS SOCIAIS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>FM625A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN		CIF	
DIRECTORA		NIF	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## SOLICITUDE

D./Dña. \_\_\_\_\_ en calidade de \_\_\_\_\_  
 da entidade \_\_\_\_\_

**SOLICITA:**

A concesión dunha subvención por importe de \_\_\_\_\_ prevista na orde da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, para realizar a adaptación á normativa de accesibilidade, que se sinala, no centro \_\_\_\_\_, dependente da devandita entidade:

MELLORAS NOS ACCESOS E ELIMINACIÓN DE OBSTÁCULOS ARQUITECTÓNICOS EXISTENTES NOS DIFERENTES ITINERARIOS DO INMOBLE.

OBRAS DE REALIZACIÓN OU DE MELLORA DE RAMPLAS E ESCALEIRAS CO OBXECTIVO DE FACELAS ADAPTADAS OU PRÁCTICABLES.

OBRAS DE MELLORA EN DORMITORIOS, VESTIARIOS, ASEOS, AMPLIACIÓN DOS LARGOS DE CORREDORES OU OUTROS ESPAZOS, CO OBXECTIVO DE CONVERTELOS EN ADAPTADOS.

INSTALACIÓN DE CABINAS DE ASCENSORES ADAPTADOS OU SUBSTITUCIÓN DAS EXISTENTES POR OUTRAS DE DIMENSIÓN E ELEMENTOS ADAPTADOS.

MELLORAS NAS INSTALACIÓNS CO OBXECTO DE FAVORECER O SEU USO AUTÓNOMO E CÓMODO E ELIMINAR RISCOS.

OUTRAS OBRAS QUE FACILITEN A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS NOS CENTROS E NAS INSTALACIÓNS ANEXAS.

**DECLARA:**

Que:

Á PRESENTE SOLICITUDE XUNTARÁSELLE A DOCUMENTACIÓN QUE SE ESPECIFICA NO DORSO.

ACEPTA SOMETERSE ÁS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E CONTROL PREVISTAS NA ORDE DE CONVOCATORIA.

TODOS OS DATOS QUE CONSTAN NESTA SOLICITUDE E NOS DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN SON CERTOS.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan as subvencións ás entidades de iniciativa social para a adaptación á normativa de accesibilidade dos centros de prestación de servizos sociais ás persoas con discapacidade.</i>
O SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Director xeral do Maior e Persoas con Discapacidade da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

ANEXO II

IMPORTE FINANCIAMENTO

XUNTA	ENTIDADE LOCAL	OUTROS	TOTAIS
-------	----------------	--------	--------

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona \_\_\_\_\_ representante legal da entidade solicitante da axuda á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, para adaptación á normativa de accesibilidade dos centros de prestación de servizos sociais ás persoas con discapacidade.

Denominación do proxecto: \_\_\_\_\_

En relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

AXUDAS SOLICITADAS:

- Non solicitei ningunha axuda para este mesmo proxecto.
- Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda: \_\_\_\_\_ Importe: \_\_\_\_\_ Data da resolución: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

AXUDAS CONCECIDAS:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda: \_\_\_\_\_ Importe: \_\_\_\_\_ Data da resolución: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
 Sinatura e selo

DATOS DA CONTA BANCARIA

ORDINAL BANCARIO	SUCURSAL	DC	CÓDIGO CONTA CORRENTE
------------------	----------	----	-----------------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO ACREDITATIVO DA FACULTADE DE REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO CIF DA ENTIDADE.
- MEMORIA BREVE DA ENTIDADE SOLICITANTE E DO CENTRO PARA O QUE SE REQUIRE A AXUDA E DA NECESIDADE DO INVESTIMENTO.
- MEMORIA VALORADA E ORZAMENTO DAS OBRAS ASÍ COMO INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SOBRE ACCESIBILIDADE.
- INFORME DO CONCELLO CORRESPONDENTE NO QUE SE FAÇA CONSTAR A CONFORMIDADE DA OBRA PROXECTADA COAS NORMAS DE PLANEAMENTO E DEMAIS DISPOSICIÓNS DE APLICACIÓN.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DE DOMINIO DA ENTIDADE SOLICITANTE SOBRE O CENTRO, OU SE ESTÁ ALUGADO OU CEDIDO. DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE DO PROPIETARIO COA OBRA PROPOSTA.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DEDICACIÓN DA OBRA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE POR UN PERÍODO, ALOMENOS, DE VINTE ANOS.
- PLAN DE FINANCIAMENTO E DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS E CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DOUTROS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS.
- DATOS BANCARIOS, ONDE, SE É O CASO, SE POIDA TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN.
- ACREDITACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL.

*Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas ás corporacións locais para o desenvolvemento de programas de accesibilidade e eliminación de barreiras no medio físico.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, de conformidade co Decreto 215/2004, do 23 de setembro, polo que se modifica o Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, ten ao seu cargo a competencia en materia de asistencia social, de acordo co establecido no artigo 27.3º do Estatuto de autonomía de Galicia nos termos sinalados polo artigo 148.1º 20 da Constitución española.

A Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma, recolle no seu artigo 32 a obriga de destinar anualmente unha parte do Fondo para a Supresión de Barreiras a subvencionar os programas específicos dos entes locais para a supresión de barreiras no espazo urbano e rural e nos edificios de uso público.

Esta orde regula a convocatoria de axudas e subvencións para as corporacións locais para o financiamento dos programas de accesibilidade e eliminación de barreiras, de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, así como a normativa autonómica de subvencións.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1998 e o Decreto 215/2004, do 23 de setembro, así como no Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas ás corporacións locais para o financiamento total ou parcial de programas de accesibilidade e eliminación de barreiras, conforme o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento.

##### Artigo 2º.-Finalidade.

As axudas establecidas nesta orde serán destinadas a financiar programas de accesibilidade e supresión de barreiras no espazo urbano e nos edificios de uso público de titularidade municipal ou da corporación local e para promover a accesibilidade nas praias do municipio.

Exceptúanse as axudas para:

a) Accesibilidade ás casas consistoriais, establecidas na Orde do 18 de xaneiro de 2005, pola que se anuncian axudas autonómicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción,

adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia (DOG nº 16, do 25 de xaneiro), da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

b) Para reforma de obras realizadas con posterioridade á entrada en vigor do Decreto 35/2000, de desenvolvemento e execución da Lei 8/1997.

##### Artigo 3º.-Destinatarios.

Poderán solicitar as axudas que se regulan nesta orde as corporacións locais galegas que desexen levar a cabo programas de accesibilidade e eliminación de barreiras para o desenvolvemento dos plans de adaptación e supresión de barreiras.

##### Artigo 4º.-Crédito orzamentario.

Para a concesión das axudas reguladas nesta orde, existe crédito adecuado e suficiente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005, por un importe de 458.278 €, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias, con cargo á aplicación 14.06.212A.761.0.

##### Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes formularanse nos modelos oficiais de solicitude de axudas para programas de accesibilidade e eliminación de barreiras para as corporacións locais, que se facilitarán na Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade, nas delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, así como en calquera das oficinas de Información Administrativa e de Atención ao Cidadán da Xunta de Galicia, conforme o anexo I desta orde.

2. A Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade, a través do Servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade da Subdirección Xeral de Atención a Persoas con Discapacidade, e as respectivas delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, prestarán o apoio e asesoramento técnico necesario.

3. A solicitude e a documentación requirida presentárase por duplicado, de conformidade co modelo normalizado, nas delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

##### Artigo 6º.-Documentación.

Xunto coa solicitude presentárase a seguinte documentación:

a) Certificación do órgano correspondente da Corporación local, en que conste o seguinte:

-A contía dedicada pola Corporación local ao desenvolvemento das devanditas obras polas que se solicita subvención.

-Porcentaxe das partidas orzamentarias de investimento dedicadas a programas de accesibilidade e supresión de barreiras.

-Acordo do órgano competente da Corporación local para solicitar a subvención.

-Se a dita solicitude se fixese mediante resolución da Alcaldía, Comisión de Goberno ou Xunta de